

EIXE 2 | A Recuperación como meta

## Programa Mente Activa-Mente Viva

### Entidade executante

**FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA. FEALES (<https://fealesgalicia.org/>)**

### Ámbito territorial

O programa desenvólvese nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela.

### Persoas destinatarias

Persoas maiores de 18 anos con problemas de saúde mental e os seus familiares ou persoas de referencia.

### Obxectivos

**Xeral:** Mellorar a calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares ou persoas de referencia.

#### **Específicos:**

Ofrecer un servizo de apoio, atención e asesoramento ás persoas con enfermidade mental.

Promocionar e mellorar a saúde mental a través de hábitos de vida saudables

Inclusión da persoa na comunidade e mellorar as habilidades sociais e a autonomía das persoas, así como fomentar a participación e motivación

Sensibilizar, concienciar e divulgar as actividades levadas a cabo co obxectivo de eliminar o estigma social.

### METODOLOXÍA

Atención Integral, equipo multidisciplinar, labor preventiva e intervención comunitaria.